

## PREGUNTAS DE LITERATURA

1. Define o Rexurdimento. Por que se lle chama así?
2. Fai un esquema cos tres principais autores do Rexurdimento no que conste a súa obra principal, a temática recorrente, os recursos e o xénero máis empregados. En que século escribiron estes autores?
3. Cita tres influencias na poesía pondaliana
4. Quen cres que foi máis popular na súa época: Pondal ou Rosalía? Xustifica a túa resposta
5. Le este poema. A quen dos tres autores do Rexurdimento cres que pode pertencer? Xustifica a túa resposta.

*Eu nacín en agreste soedade,  
eu nacín cabo dun agreste outeiro,  
p'ronde o Anllóns, con nobre maxestade,  
camiña ó seu destino derradeiro.  
Eu non nacín en vila nin cidade,  
mas lonxe do seu ruído lisonxeiro:  
eu nacín cabo de pinal espeso,  
eu nacín na pequena Ponte-Ceso.*

6. Que séculos comprenden os Séculos Escuros? Por que se denominan así? Que autor deste período poderías destacar?
7. Fai un esquema comparativo entre os principais tipo de cantiga da Idade Media.

## PREGUNTAS DE LINGUA E GRAMÁTICA

1. Como se colocan por regra xeral os pronomes en galego? Que excepcións existen a esta regra? Pon exemplos.
2. Que variacións poden presentar os pronomes átonos? En que función acontece isto?
3. Que diferenza hai entre os pronomes *te* e *che*. Pon exemplos.

